

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

*ORDE do 2 de xullo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán o concurso público, correspondente ao ano 2024, de dez bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PL500D).*

O artigo 27, en harmonía co artigo 5, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece como competencia da Comunidade Autónoma Galega a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da cultura e investigación.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril).

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril). No artigo 9, punto 1, figura a Secretaría Xeral da Lingua como órgano superior da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Dentro das competencias e funcións da Secretaría Xeral da Lingua, baixo a súa dirección, establécese que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ten o obxectivo de promover a formación e capacitación de persoas tituladas universitarias, tanto no ámbito galego coma internacional, a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito das humanidades.

Na súa virtude, apróbanse as seguintes

#### BASES:

##### Primeira. *Obxecto e destinatarios*

Por medio desta orde establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria correspondente ao ano 2024, de dez bolsas de formación nos proxectos de investigación que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (código de procedemento PL500D).





– Ano 2025: 133.207,20 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, dos cales, 132.000,00 € financiaranse con cargo á aplicación 43.02.151A.480.0 e 1.207,20 €, con cargo á 43.02.151A.484.0.

– Ano 2026: 122.106,60 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, dos cales, 121.000,00 € financiaranse con cargo á aplicación 43.02.151A.480.0 e 1.106,60 €, con cargo á 43.02.151A.484.0.

A distribución entre ambas as aplicacións faise con base no recollido na Orde PJC/281/2024, do 27 de marzo, pola que se modifica a Orde PJC/51/2024, do 29 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional para o exercicio 2024.

#### Terceira. *Duración*

As actividades de formación iniciaranse coa incorporación da persoa seleccionada tal e como dispón a base décimo cuarta desta convocatoria; a data estimada de comezo é o 1 de decembro de 2024 e rematarán, en calquera caso, o 30 de novembro de 2026. A data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

#### Cuarta. *Requisitos xerais das persoas solicitantes*

Poderán solicitar estas bolsas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias que non incorran en ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sempre que reúnan, ademais dos requisitos específicos que para cada proxecto se sinalan no anexo I desta orde, os seguintes requisitos xerais, que deberán posuír no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.

b) Estar en posesión do título universitario de licenciatura ou de grao exixido no proxecto para o que presente a solicitude. A persoa solicitante deberá estar en posesión do título



ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición ao remate do prazo de presentación de solicitudes, e ter rematado os estudos conducentes a el no curso académico 2007/08 ou posterior.

c) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os que acrediten estar en posesión do título de licenciatura en Filloxía Galega ou graos equivalentes.

d) Non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

e) Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos, calculada de acordo cos parámetros publicados pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG núm. 188, do 30 de setembro).

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán xuntar a correspondente tradución xuramentada. A certificación do expediente académico indicará a data de iniciación e remate dos estudos, os créditos superados e as cualificacións obtidas; e deberá axustarse aos criterios estatais, tanto aos do Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE núm. 224, do 18 de setembro) como aos que deben incluírse no suplemento europeo ao título (SET), e a nota media do expediente académico calcularase de acordo cos parámetros fixados pola devandita Resolución do 15 de setembro de 2011.

### Quinta. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. Debido á capacidade técnica das persoas físicas ás que van dirixidas estas bolsas, que deben reunir a condición de tituladas universitarias, considérase que teñen acceso e dispoñibilidade suficiente aos recursos electrónicos necesarios para se relacionaren por este medio co sector público autonómico e realizar todos os trámites electronicamente no presente procedemento.



Así, de conformidade cos artigos 14.2 e 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 10.2 e 3 da Lei 4/2019, do 14 de xullo, de administración dixital de Galicia, establécese a obrigatoriedade do emprego dos medios electrónicos, polo que as solicitudes deben ser presentadas a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, de conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación sinalada na base sexta será de un mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Sexta. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación complementaria:

a) Certificación académica oficial completa (non extracto de expediente virtual), en que se fará constar a nota media do expediente académico da titulación, obtida de acordo co establecido na base cuarta e) desta orde. Os titulados que accederon a estudos de 2º ciclo desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar, ademais, a certificación dese 1º ciclo, igualmente con expresión da nota media do expediente académico.

b) Documentación acreditativa dos requisitos específicos.

c) Currículo, acompañado da documentación que acredite os méritos que desexe alegar.





rados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou de quen a represente.

b) Títulos oficiais universitarios.

c) Certificados do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou perfeccionamento cando sexan expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

d) Títulos oficiais non universitarios.

e) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

f) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

g) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.

De se opoñer a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Oitava. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser feitos electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: 6cw7s211-ec89-cxb9-y9c8-y9c6jhmkk1xh0



Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No suposto de que as solicitudes estean incompletas, conteñan erros ou non acheguen toda a documentación acreditativa, poderán ser requiridos para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, de terá por desistido da súa petición de bolsa e arquivarse o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non serán obxecto de requirimento os documentos acreditativos dos méritos alegados no currículo.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)).

#### Novena. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para





todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Porén, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45, punto 1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións cos requirimentos de emenda, coas puntuacións provisionais e coas correccións de erros previos á resolución desta convocatoria, se as houber, realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

#### Décima. *Instrución*

A instrución do procedemento de concesión das bolsas correspóndelle ao Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

A avaliación das solicitudes efectuaráa unha Comisión de Valoración, conforme os criterios establecidos nesta convocatoria e, supletoriamente, os preceptos contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na sección 3ª do capítulo I, título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.









**B) Procedemento.**

Rematado o proceso de avaliación das solicitudes, a Comisión de Valoración elaborará un informe en que se concrete o resultado desta.

O servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, como órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada.

Esta proposta farase pública na páxina web do centro, xunto coa relación de suplentes, por orde decrecente de puntuación.

No suposto de que unha mesma persoa resulte ser a titular en máis dunha bolsa, atenderase á orde de prelación indicada na solicitude (anexo II), por rigorosa orde de puntuación.

A listaxe de suplentes poderá ser operativa no caso de que a persoa seleccionada non se incorpore na data establecida, cando manifieste expresamente a súa non aceptación da bolsa ou renuncie a esta unha vez aceptada, así como cando se proceda á súa revogación.

**Décimo segunda. Alegacións e trámite de audiencia**

Segundo o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución definitiva, o prazo de exposición pública da proposta de resolución provisional será de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da data de publicación, durante os cales se poderán facer as alegacións pertinentes na forma indicada na base quinta desta convocatoria.

Non obstante, ao abeiro do artigo 76, as persoas interesadas poderán presentar alegacións en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

Examinadas as alegacións presentadas, de ser o caso, formularase a proposta de resolución definitiva.



De non presentarse solicitudes ou de non cumpriren algún dos requisitos xerais e específicos, a convocatoria será declarada deserta.

Décimo terceira. *Resolución. Notificación e publicación*

1. O órgano instrutor elevará a súa proposta de resolución definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral da Lingua, quen resolverá, por delegación do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) de conformidade coa disposición derradeira primeira da orde de convocatoria. Na resolución constará a relación de bolsas concedidas, cos suplentes, se os houber, e os denegados coas causas de denegación, así coma os demais aspectos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A resolución de concesión da bolsa publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas web do Centro Ramón Piñeiro e da Secretaría Xeral da Lingua (<http://www.lingua.gal>) mediante relación nominal das persoas beneficiarias e suplentes, e demais supostos, polo que se entenderán notificados/as para todos os efectos, sen prexuízo das notificacións individuais ao abeiro do recollido na base novena desta convocatoria, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral da Lingua, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (Orde do 29 de xullo de 2022, de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección e nas xefaturas territoriais desta consellería; DOG núm. 151, do 9 de agosto) e para resolver os recursos de reposición que, de ser o caso, se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

















las, con minor ou módulo complementario en galego; grao en Linguas Modernas, con minor ou módulo complementario en galego; licenciatura ou grao en Tradución e Interpretación (con galego e mais unha lingua estranxeira); ou a mesma titulación universitaria pero con distinta denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Coñecemento acreditado dunha lingua estranxeira (inglés, francés, alemán, portugués, etc.) cun nivel mínimo B2. A acreditación desa lingua poderá facerse mediante calquera certificación de centros públicos ou privados, ou ben coa propia titulación de grao da universidade correspondente.

Aínda que non son requisitos imprescindibles para solicitar estas bolsas, serán baremados e puntuados como formación complementaria segundo o estipulado na base décimo primeira desta convocatoria os seguintes méritos:

- Coñecemento acreditado de usos de ferramentas informáticas de análise de corpus que permitan aos usuarios xerar e manipular a frecuencia de palabras, listas, concordancias e colocacións de corpus dixitais. O dito coñecemento acreditarase mediante calquera certificación de centros públicos ou privados onde se especifiquen o contido do curso e as horas de duración.

- Coñecemento acreditado de edición de textos e de sistemas de xestión de contidos de revistas científicas.

3. Unha bolsa para o proxecto *Corpus de referencia do galego actual* (Corga).

Para solicitar esta bolsa é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde, acreditar os seguintes requisitos específicos:

- Ser licenciado/a en Filoloxía Galega, Románica, Hispánica, Portuguesa ou Tradución e Interpretación ou ben graduado/a en Lingua e Literatura Galegas; en Lingua e Literatura Españolas; en Lingua e Literatura Inglesas; en Lingua e Literatura Modernas (Francés, Italiano, Románicas e Portugués); en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; en Tradución e Interpretación; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.



#### 4. Unha bolsa para o proxecto *Cantigas de Santa María*.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a ou graduado/a en calquera titulación da área de Humanidades, con formación específica en estudos medievais.
- Acreditar ter cursado algunha materia específica ou curso formativo de literatura medieval.
- Ter aprobado algunha materia ou curso formativo de crítica textual ou ben acreditar formación ou experiencia en edición de textos, preferentemente, textos medievais.
- Acreditar coñecementos e/ou experiencia con XML-TEI.
- Acreditar a asistencia con participación activa (comunicación) en congresos, seminarios, coloquios do ámbito da literatura medieval, preferentemente da literatura galega medieval.

#### 5. Unha bolsa para o proxecto *Prosa literaria medieval*.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a ou graduado/a en calquera filoloxía, sempre e cando acredite formación específica en estudos medievais.
- A participación (asistencia e/ou comunicación) en simposios, seminarios ou congresos especializados, publicacións científicas, etc., relacionados coa análise textual na literatura románica medieval.

#### 6. Unha bolsa para o proxecto *Terminoloxía científico-técnica*.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía ou Tradución e Interpretación ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación dependendo da universidade de procedencia.
- Posuír coñecemento de inglés ou de francés equivalente ao nivel B1.



- Ter formación, polo menos elemental, en terminoloxía ou en lexicografía (demostrable mediante a superación dalgunha materia, publicacións científicas, asistencia a simposios, seminarios ou congresos especializados, comunicacións presentadas a congresos, etc.).

7. Unha bolsa para o proxecto *Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala*.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, en Enxeñaría de Telecomunicacións, en Física, en Informática, en Matemáticas, ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Coñecemento de inglés equivalente ao nivel B1.

8. Unha bolsa para o proxecto *Base de datos do ALIR*.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía Galega, Filoloxía Románica, Filoloxía Francesa ou Filoloxía Italiana ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación dependendo da universidade de procedencia.

- Ter coñecementos de lingua francesa polo menos equivalente ao nivel B1.

9. Unha bolsa para o proxecto *Dicionarios de literatura*.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado ou graduado en Teoría da literatura, en calquera filoloxía, en xornalismo ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Posuír coñecemento de inglés ou de francés equivalente ao nivel B1.



- Acreditar a participación en publicacións científicas, asistencia a simposios, seminarios ou congresos especializados, comunicacións presentadas a congresos, etc., obrigatoriamente no ámbito da teoría literaria ou literatura comparada.

- Acreditar a elaboración dalgún traballo académico universitario ou xornalístico en galego.

#### 10. Unha bolsa para o proxecto *Literatura infantil e xuvenil*.

Para solicitar a bolsa á que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde, acreditar os seguintes requisitos específicos:

- Ter o en grao en Lingua e Literatura Galegas; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; en Tradución e Interpretación; en Lingua e Literatura Modernas (con maior ou menor en Lingua e Literatura Galegas) ou en mestre/a de Educación Infantil ou en mestre/a de Educación Primaria, a mesma titulación universitaria, pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Acreditar coñecementos específicos en crítica e investigación literarias sobre literatura galega, ben mediante estudos que as inclúan a nivel de licenciatura/grao ou máster, ben pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios...), ben pola publicación de traballos concretos dos cales participen estas disciplinas.

Serán valorados especialmente e baremados e puntuados segundo o estipulado na base décimo primeira desta convocatoria:

a) Ter elaborado traballos académicos sobre literatura infantil e xuvenil (TFG ou TFM).

b) Posuír publicacións sobre literatura infantil e xuvenil en foros culturais ou medios especializados.

Ter coñecementos específicos na elaboración de repertorios bibliográficos sobre literatura galega, moi especialmente, literatura infantil e xuvenil.

CVE-DOG: 6cw7s211-ec89-cxb9-y9c8-ycv6jhmK1xh0







**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- 2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

	ÓRGANO	CÓD. DE PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificación académica oficial completa			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa dos requisitos específicos			
<input type="checkbox"/> Currículo, acompañado da documentación que acredite os méritos que desexe alegar			
<input type="checkbox"/> Certificado do Celga 4 ou equivalente, non expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Títulos oficiais universitarios	<input type="checkbox"/>
Certificado do Celga 4 ou equivalente, expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística	<input type="checkbox"/>
Títulos oficiais non universitarios	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

CVE-DOG: 6cw7s211-ec89-cxb9-y9c8-ycv6jhmK1xh0



